

Foi tamén unha guerra económica, na que se puxeron a técnica e a produción ao servizo da morte e da destrución. Por último, foi unha guerra ideolóxica entre concepcións antagónicas.

- 1 As causas da II GM
- 2 O imperialismo xaponés
- 3 As ofensivas e vitorias do Eixe
- 4 Que significou a ocupación nazi de Europa?
- 5 As contraofensivas aliadas e o final da guerra
- 6 Que papel desempeñou a resistencia fronte ao nazismo?
- 7 As consecuencias da guerra
- 8 De Núremberg á Haia
- 9 Cales foron as fases da Segunda Guerra Mundial?

[illegible]

6.1. AS CAUSAS DO CONFLITO

O réxime fascista italiano e o nazismo alemán desenvolveron unha **política expansionista** que aspiraba a engrandecer as súas fronteiras territoriais e desafiaba o consenso establecido na Sociedade de Nacións (SDN). Para iso, reforzaron o exército, impulsaron o **militarismo** e propiciaron unha intensa **carreira de armamentos**. Nestes países exaltouse o **sentimento nacional humillado** polas condicións impostas nos tratados de paz e iniciouse unha **política exterior agresiva** contra os países vencedores que conduciu ao estalido dun novo enfrontamento armado.

Os proxectos expansionistas de Alemaña e Italia atoparon un aliado en **Xapón**. O réxime do emperador **Hiro Hito**, impulsou o fortalecemento do exército coa aspiración de expandir a súa **influencia en Asia** e substituír as potencias coloniais europeas (Reino Unido e Francia). As semellanzas entre os seus proxectos expansionistas e a coincidencia de ter inimigos comúns (Francia, Reino Unido e a URSS) uniron as tres potencias nunha mesma alianza militar.

Os países democráticos non souberon frear o avance dos réximes autoritarios. Estados Unidos sostíña unha **política de arredismo** que mantiña a este país á marxe dos problemas mundiais, mentres que Reino Unido e Francia se preocupaban prioritariamente por resolver os seus propios problemas internos e defendían unha **política de calma** fronte a Alemaña para evitar unha nova guerra. Pola súa banda, a Sociedade de Nacións non foi quen de propiciar un clima de acordo entre os seus estados membros. Alemaña e Xapón abandonaron a SDN en 1933 e Italia fíxoo en 1936.

6.2. A MARCHA CARA Á GUERRA

Desde principios da década de 1930. Os Estados autoritarios impulsaron unha serie de agresións bélicas cara a outros países:

- **Xapón** ocupou Manchuria en 1931 e, en 1937, iniciou a invasión de China.
- **Italia** ocupou Etiopía en 1935, e tamén invadiu **Albania**.
- Italia e Alemaña interviñeron na **Guerra Civil española**, facilitándolles soldados e armamento aos sublevados.
- En 1936, en contra do imposto no Tratado de Versalles, Hitler remilitarizou a rexión de **Renania**. Era o primeiro paso no seu proxecto de crear un grande imperio alemán.
- En marzo de 1938, Alemaña ocupou militarmente **Austria** (*Anchluss*), onde se espallaran as teorías nazis. Meses máis tarde (setembro) esixiulle a Checoslovaquia a entrega do territorio dos **Sudetes**, poboado por unha minoría alemá.

Francia e Reino Unido convocaron a **Conferencia de Múnic** (1938) para frear as aspiracións alemás, pero acabaron claudicando ante as promesas de Hitler de deter o seu expansionismo. Como resultado, Checoslovaquia desapareceu como Estado: **Bohemia e Moravia** convertéronse en protectorado alemán e **Eslovaquia** pasou a ser un Estado satélite alemán.

O EXPANSIONISMO NAZI

As fronteiras de 1914 non teñen ningún significado para o noso porvir. Non nos protexeron no pasado nin aumentarán o noso poder no futuro. Non lle darán á nación alemá solidariedade interna nin lle subministrarán alimentos; desde o punto de vista militar, non son adecuadas, nin tan só satisfactorias, nin mellorarán a nosa situación actual respecto doutras potencias mundiais (...).

Ningunha nación da terra posúe un só metro cadrado de territorio concedido polo ceo. As fronteiras trázanse e modifícanse só de acordo coa vontade humana. O feito de que unha nación consiga adxudicarse un territorio que non lle pertencía non é ningunha razón para respectala; proba, sinxelamente, o poder do vencedor e a debilidade dos vencidos. Este poder é a única cousa que dá dereito á posesión (...).

Nós, os nacionalsocialistas (...), contemos o avance da corrente xermánica cara ao sur e cara ao oeste de Europa e volve-mos o noso exército cara ao leste (...); semella que o destino nos empurra a iso (...). Non podemos esquecer que os bolxeviques teñen as mans cheas de sangue e que nunha hora tráxica tomaron ao asalto un gran Estado (...).

Declaración de Adolf Hitler, 1927.

- Analiza como xustifica Hitler a política expansionista alemá.



Cartel de propaganda do III Reich, marzo de 1938.

1. Que cambios territoriais nas fronteiras de Alemaña se fan evidentes no mapa? Como e cando se realizaron?
2. Que significado lle atribúes á imaxe de Hitler? Relaciónaos cos proxectos expansionistas do III Reich.



6.3. AS ALIANZAS E O ESTALIDO BÉLICO

A política expansionista das ditaduras apoiouse nunha serie de tratados internacionais de axuda mutua. No ano 1936, a colaboración de Alemaña e Italia no seu apoio aos militares insurrectos da Guerra Civil española, propiciou a sinatura dun pacto entrambos os dous, coñecido como o **Eixe Roma-Berlín**. Este mesmo ano, Alemaña asinou con Xapón o **Pacto Antikomintern** contra a URSS ao que se adheriu Italia meses máis tarde. E en 1939, Hitler e Musolini renovaban a súa alianza política e militar co nome de Pacto de Aceiro.

En 1939, Hitler reclamoulle a Polonia o chamado **corredor de Danzig**, uns territorios alemáns que o Tratado de Versalles lle outorgou a Polonia para darlle unha saída ao Mar Báltico. O corredor separaba a Prusia Oriental do resto de Alemaña e Hitler amosou a súa firme decisión de anexionar esta zona ao Reich. Fronte á nova ameaza, Francia e Gran Bretaña asinaron un **tratado defensivo con Polonia** para frear as aspiracións alemás.

Para evitar que a URSS se aliase con Gran Bretaña ou Francia e axudase a Polonia, Hitler asinou con Stalin un tratado secreto, o **Pacto Xermano-Soviético** (1939). Por este tratado, ambos os dous Estados comprometíanse a non atacarse mutuamente nin a apoiar a terceiros países en conflito con algún dos asinantes. Ademais, Alemaña aseguráballes á URSS o dominio sobre Finlandia, os estados bálticos (Letonia, Lituania e Estonia) e a Besarabia á vez que ambos estados acordaban a repartición de Polonia.

Pactada a neutralidade soviética, en setembro de 1939 Alemaña invadiu Polonia. Este feito provocou que Francia e Gran Bretaña, en cumprimento dos seus pactos, lle declarasen a guerra a Alemaña. Este foi o inicio da Segunda Guerra Mundial.

3. Explica, a partir do mapa, a política exterior agresiva de Italia e Alemaña e os pactos de axuda mutua.

4. Por que Polonia se converteu no detonante do estalido bélico?

5. Que significa a liña vermella que se aprecia no mapa? Con que pacto se relaciona?

@ Para saberes máis sobre o expansionismo alemán: www.tiching.com/64363



Caricatura británica sobre o Pacto Xermano-Soviético, 1939. Un pé reza: "Meu Deus, isto non estaba no programa".

6. Que situación presenta a caricatura? Cales foron os intereses que uniron a Hitler e Stalin?

7. Por que este pacto sorprendeu de modo importante aos seus contemporáneos?

SINTETIZA

8. Cales foron as causas remotas da Segunda Guerra Mundial?

9. Que agresións bélicas das ditaduras desencadearon o conflito?

10. Que alianzas se asinaron? Que papel desempeñaron Francia e Reino Unido?

Europa baixo o dominio nazi (1939-1941)

7.1. AS GRANDES OFENSIVAS ALEMÁS

Coa invasión de Polonia, Hitler iniciou a chamada **guerra lóstrego** (*Blitzkrieg*), baseada no uso de divisións acoirazadas (os *panzer*) e nun importante apoio aéreo, que lle permitía ao exército un rápido avance. Doutra banda, os exércitos soviéticos invadiron Polonia polo Leste e o país afundiuse en tres semanas. Segundo o que se acordara no Pacto Xermano-Soviético, Polonia foi dividida entre Alemaña e a URSS.

Os aliados iniciaron un bloqueio naval de Alemaña para impedir o aprovisionamento de ferro que chegaba a través de Noruega. En resposta, en abril de 1940, os exércitos alemáns invadiron **Dinamarca e Noruega**.

En maio, a *Wehrmacht* iniciou a ofensiva contra os Países Baixos, Bélxica, Luxemburgo e Francia. O exército francés foi vencido en cinco semanas e o territorio de Francia quedou dividido en dúas zonas: a Francia ocupada polos alemáns, na parte Norte e Oeste, e a chamada Francia de Vichy, estado baixo o control alemán. A Alsacia e a Lorena foron anexionadas ao territorio alemán e en xuño, Italia entrou en guerra ao carón de Alemaña.

No verán de 1940, só **Reino Unido** resistía a Alemaña. Para preparar un posible desembarco en Gran Bretaña, a aviación de guerra alemá, a *Lufwaffe*, bombardeou os portos e as cidades británicas na chamada **Batalla de Inglaterra** (xullo-outubro de 1940). O novo primeiro ministro británico, **Winston Churchill**, estimulou a resistencia a ultranza.

Grazas ás defensas organizadas pola RAF (*Royal Air Force*) e á utilización de radares, o Reino Unido resistiu o ataque aéreo e Hitler tivo que renunciar ao desembarco. En outubro de 1940, Hitler decretou o bloqueio das Illas Británicas e desencadeou a **Batalla do Atlántico** para impedir a chegada de subministracións aos británicos.



O exército alemán desfilando por París en xullo de 1940.

O REINO UNIDO SÓ ANTE O EIXE

Eu diría á Cámara, como dixen a todos os que se incorporaron a este goberno: "non teño nada máis que ofrecer que sangue, esforzo, bágoas e suor".

(...) Cal é a nosa política? Diréivolo: Facer a guerra por mar, por terra e por aire, con toda a nosa potencia e con toda a forza que Deus nos poida dar; facer a guerra contra unha tiranía monstruosa, nunca superada no escuro e lamentable catálogo de crimes humanos. Esta é a nosa política.

Preguntádesme: cal é a nosa aspiración? Vitoria, vitoria a toda costa, vitoria malia todo o terror; vitoria por longo e duro que poida ser o seu camiño; porque, sen vitoria, non hai supervivencia.

Discurso de Winston Churchill, maio 1940.

• Cal era o obxectivo do discurso de Churchill? Sitúao no contexto bélico en que foi pronunciado.

A EXPANSIÓN DAS POTENCIAS DO EIXE



1. Explica as diferentes fases das grandes ofensivas que levaron a cabo as potencias do eixe en Europa.

@ Para saberes máis sobre o inicio e desenvolvemento da guerra:

www.tiching.com/64364


7.2. A MUNDIALIZACIÓN DO CONFLITO

A partir de 1941 a guerra mundializouse, espallándose máis alá de Europa. No Norte de África e no Oriente Próximo, italianos e alemáns batéronse contra o exército británico. Co obxectivo de impedir o acceso dos británicos á canle de Suez, o *Africakorps** desembarcou en Libia en febreiro de 1940 e internouse en Exipto.

Iugoslavia e Grecia foron tamén conquistadas en abril de 1941, e en xuño, Hitler lanzou a **Operación Barbarroja** contra Rusia. O exército ruso non puido frear a ofensiva e os alemáns chegaron con rapidez ata as portas de Leningrado (nome que adoptara San Petersburgo tras a morte de Lenin) e Moscova.

A expansión xaponesa no Pacífico provocou que o presidente norteamericano Roosevelt decidise decretar un embargo sobre o aceiro e o petróleo destinados a Xapón. Como resposta, en decembro de 1941, Xapón atacou a frota estadounidense en **Pearl Harbor** e Estados Unidos declaroulle a guerra. A finais de 1941, o conflito alcanzara dimensións planetarias e o Eixe Roma-Berlín-Tokio semellaba invencible.

A EXPANSIÓN XAPONESA NO PACÍFICO



2. Que zonas foron ocupadas polos xaponeses durante a guerra?
3. Cal foi o detonante da entrada dos estadounidenses na guerra?

7.3. O SOMETEMENTO DOS PAÍSES OCUPADOS

Os alemáns quixeron impoñer a nova orde nazi sobre o conxunto de Europa. Para iso organizaron os territorios conquistados en rexións **incorporadas** ao *Reich* (Alsacia, Lorena, Luxemburgo, Bohemia...), **Estados satélites** con gobernos colaboracionistas coa ocupación (a Francia de Vichy, Eslovaquia, Romanía...) e territorios ocupados (Polonia Oriental, Países Bálticos...).

A ocupación nazi tiña como finalidade a explotación dos territorios sometidos en beneficio de Alemaña. Así, estes territorios eran obrigados a contribuír ao esforzo de guerra alemán e prover ao *Reich* de materias primas, produtos agrícolas e bens industriais. Ademais, obrigouse a traballadores a desprazarse para traballar en Alemaña, mentres os prisioneiros de guerra eran utilizados como man de obra para as industrias alemás.

Os alemáns atoparon **colaboracionistas*** entre a poboación civil dos países ocupados, que apoiaron a ocupación e incluso se alistaron no exército alemán para loitar en Rusia. Moitos dos que non aceptaron a orde nazi organizaron a **Resistencia*** clandestina e apoiaron o avance dos aliados mediante atentados e sabotaxes ao exército alemán.

Os nazis implantaron un réxime de violencia e terror. A Gestapo e mais as SS, xunto coa policía dos réximes colaboracionistas, exerceron unha forte represión sobre a poboación civil, especialmente os resistentes, que foron detidos, deportados ou executados. En todas partes se impuxo a persecución dos xudeus, que foron trasladados en masa a campos de concentración.

A RESISTENCIA CIVIL AO NAZISMO

1. Non debes ir traballar nin a Alemaña nin a Noruega.
2. Debes traballar mal e amodo cando o fagas para os alemáns.
3. Debes destruír todos os utensilios e máquinas que lles poidan ser útiles aos alemáns.
4. Debes atrasar todos os transportes cara a Alemaña.
5. Debes boicotear todos os xornais e películas alemáns ou italianos.
6. Non debes comprar nada en comercios alemáns.
7. Debes comportarte cos traidores como se merecen.
8. Debes protexer a calquera que sexa perseguido polos alemáns.

Consellos da resistencia danesa dirixidos á poboación, 1941.

- Como podía a poboación civil ofrecer resistencia á invasión alemá?

SINTETIZA

4. Que trato lles deu o nazismo alemán aos países ocupados? Como organizaron os territorios conquistados? Cal era o seu obxectivo?

5. quen eran os colaboracionistas? Que era a Resistencia? Que pretendía?

As grandes ofensivas aliadas (1942-1945)

8.1. O ESFORZO DE GUERRA ALIADO

A partir de 1942, o Reino Unido, Estados Unidos e a URSS, baixo a dirección de Churchill, Roosevelt e Stalin respectivamente, realizaron un grande esforzo de guerra e toda a súa economía se organizou en función das necesidades militares. Estados Unidos trasladou numerosas tropas e armamento ao Reino Unido, a través do Atlántico, mentres que a URSS evacuou toda a súa industria pesada cara ao Leste para protexer o seu potencial bélico da ocupación nazi.

Tras a entrada da URSS e Estados Unidos no conflito a situación da guerra comezou a dar unha volta en xuño de 1942. A partir dese momento os estadounidenses frearon o avance xaponés no Pacífico (batallas de **Midway** e **Guadalcanal**) e iniciaron a reconquista dos territorios ocupados.

No Norte de África, os británicos derrotaban en **El-Alamein** os alemáns, que iniciaron a súa retirada. Pouco despois, un exército aliado, baixo o mando do xeneral Eisenhower, desembarcou na África francesa e venceu os alemáns en Tunisia (maio de 1943). O Norte de África converteuse na plataforma para o inicio da invasión aliada de Italia.

O asalto alemán sobre **Stalingrado** (agosto 1942-febreiro 1943) foi o primeiro gran fracaso de Hitler. A cidade resistiu varios meses de asedio, tras os cales o mariscal alemán Von Paulus rendeuse. Os soviéticos pasaron daquela á ofensiva, recuperando Ucraína e liberando Leningrado do seu asedio (xaneiro de 1944).

AS VITORIAS ALIADAS



1. Explica as diferentes fases das grandes ofensivas dos aliados en Europa e o Norte de África.



Cartel de propaganda americano que simboliza a unión dos aliados contra o nazismo, 1944.

O INFERNO DE STALINGRADO

Non podemos nin tan só repregarnos cara ás nosas posicións, xa que os homes caen esgotados. É o cuarto día que non puideron comer nada. Que podo responder eu, comandante do exército, se un soldado ven e me di: "Coronel, un bocado de pan, por favor! Xa comemos os últimos cabalos"? Podería imaxinar vostede os soldados precipitándose sobre un cadáver de cabalo para cortarlle a cabeza e devorarlle o cerebro cru? Como podemos continuar combatendo con soldados que non teñen nin sequer roupa de inverno? Quen (...) asumiu a responsabilidade de declarar que era posible garantir o reavituallamento por aire?

Declaración do mariscal alemán Von Paulus en Stalingrado, 1943.



Hitler envía os seus soldados a Rusia segundo un debuxo soviético de 1943.

• Visualiza o vídeo en www.tiching.com/64365 e explica por que a batalla de Stalingrado fixo cambiar o curso da guerra. Despois comenta o significado do debuxo.

8.2. A LIBERACIÓN DE EUROPA

Os aliados empezaron a súa ofensiva e en xuño de 1943 desembarcaron en Sicilia e posteriormente no continente europeo, conquistando o sur de Italia. Mussolini foi deposto e, en setembro, o exército italiano capitulou ante os aliados. Daquela, os alemáns, invadiron Italia, libráron a Mussolini que se atopaba prisioneiro e puxérono á fronte da chamada República Social Italiana que se atopaba baixo control nazi e resistía o avance aliado.

A liberación de Europa iniciouse logo do **desembarco angloestadounidense en Normandía** (xuño de 1944), que supuxo a entrada de numerosos soldados e armamento. Vencida a resistencia alemá, os angloamericanos iniciaron o avance desde o Oeste, liberaron parte de Francia e entraron en Alemaña. Pola súa banda, os rusos avanzaron polo Leste e expulsaron os alemáns de Polonia, Romanía e Bulgaria. Para apoiar este avance, os aliados someteron as cidades alemás a fortes bombardeos.

Ambos os dous exércitos aliados iniciaron a ocupación de Alemaña e atopáronse no río Elba o 26 de abril de 1945. O día 30, Hitler suicidouse e o 8 de maio, Alemaña capitulou.


8.3. A FINAL DA GUERRA NO PACÍFICO

No Pacífico, a reconquista norteamericana dos territorios ocupados por xaponeses estaba practicamente finalizada, pero Xapón mantiña unha fanática resistencia, simbolizada pola acción dos kamikazes*, que actuaron por primeira vez en outubro de 1944.

Malia os bombardeos masivos sobre Tokio e outras cidades xaponesas, a capitulación nipona retrasábase moito. Para precipitar a rendición xaponesa, o presidente estadounidense Truman decidiu utilizar unha arma nova: a **bomba atómica**, que foi lanzada sobre as cidades de Hiroshima e Nagasaki en agosto de 1945. A destrución acadou proporcións descoñecidas ata ese momento e o número de vítimas ascendeu a 150000.

Ante o horror nuclear, o 2 de setembro, Xapón capitulou. A Segunda Guerra Mundial rematara.

AS GRANDES OFENSIVAS DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL



2. En que momento se produciu o cambio no curso da guerra? Por que?

SABÍAS QUE...

Desde 1942, os aliados estaban preparando un desembarco de tropas e armamento no continente europeo.

O **desembarco de Normandía** foi programado para o 6 de xuño de 1944 (Día D), e aínda que as condicións meteorolóxicas eran desfavorables, establecéronse cinco cabezas de ponte nas praias francesas. Os alemáns resistiron o ataque, pero os aliados conseguiron romper a fronte alemá o 31 de xullo de 1944.



@ Para saber máis sobre o desembarco de Normandía: www.tiching.com/64367

BOMBA ATÓMICA SOBRE HIROSHIMA

Ás 7.09 h soou a alarma de bombardeo aéreo e apareceron catro avións B-29 americanos. (...) Ás 7.31 h soou a sirena que indicaba o final do bombardeo. A xente sentíndose segura, saíu dos refuxios e volveu aos seus quefaceres (...).

De súpeto, divisouse no ceo unha resplandecente luz branca e rosada, seguida case de inmediato por unha vaga de calor sufocante e un vento que varría todo o que atopaba ao seu paso. Ao cabo de poucos segundos, milleiros de persoas que se atopaban nas rúas da cidade quedaron calcinadas por unha onda de calor abrasadora (...). Todas as construcións que se atopaban na área da explosión quedaron destruídas e os entullos voaban nun remuíño arrastrado polo vento. Os tranvías saltaron polos aires e os trens foron arrincados das vías coma se fosen xoguetes (...).

Crónica dun xornalista xaponés, 1945.

- Describe os efectos da bomba atómica sobre os habitantes de Hiroshima.

SINTETIZA

3. Realiza un esquema das grandes fases da Segunda Guerra Mundial.

4. Por que se lanzaron as bombas atómicas sobre as cidades de Hiroshima e Nagasaki?

9.1. O IMPACTO DA GUERRA

Cando rematou a guerra, Europa estaba material e moralmente esnaquizada e a súa poboación, decimada. Sobre esta paisaxe de ruína e desolación emerxeron dúas novas potencias, Estados Unidos e a URSS, que apareceron como os grandes vencedores do conflito e relegaron Europa a un segundo plano.

O balance demográfico da guerra situouse ao redor dos **50 millóns de mortos**, dos cales case a metade corresponderon á URSS, seguida de Alemaña e Polonia. Por primeira vez na Historia, a maioría de vítimas non eran militares, senón que formaban parte da poboación civil.

As **destrucións materiais** foron moi importantes e afectaron, sobre todo, ás cidades, os medios de comunicación e as instalacións industriais. A produción dos países belixerantes diminuíu nun 50 % en 1945. A diminución da oferta provocou un aumento da inflación que dificultou a recuperación do nivel de vida anterior ao conflito. En contrapartida, os países que quedaron á marxe da contenda (Canadá, Australia, Suecia...), e que se converteron en subministradores, experimentaron un notable crecemento económico.

A guerra deixou un fondo **impacto moral**. Os dereitos humanos foran sistematicamente vulnerados e a violencia e mais a crueldade instaláranse en Europa durante seis longos anos. As modificacións de fronteiras e a expulsión de minorías étnicas ao finalizar a guerra implicaron un elevado número de desprazamentos forzosos de poboación. Ademais, o coñecemento do holocausto xudeu e as consecuencias da bomba atómica deixaron un profundo trauma entre a poboación.


9.2. AS CONFERENCIAS DE PAZ

Os tres grandes aliados (Reino Unido, Estados Unidos e a URSS) colaboraron de forma intensa para se enfrontaren ao inimigo común e derrotar as potencias do Eixe. Os seus dirixentes reuníronse por primeira vez na **Conferencia de Teherán** (novembro de 1943), á que asistiron Churchill, Roosevelt e Stalin. Alí tomáronse as primeiras medidas militares conxuntas para acelerar o final dunha guerra que xa se consideraba gañada.


O segundo encontro dos tres grandes tivo lugar en **Ialta** (febreiro de 1945), onde se decidiu a eliminación do réxime nazi en Alemaña, a división de Alemaña e Austria en catro zonas de ocupación e unha división semellante da cidade de Berlín e tamén da cidade de Viena.

A terceira conferencia de paz tivo lugar en **Potsdam** (agosto de 1945) tras a derrota de Alemaña. Os novos protagonistas, Truman (EUA), Attlee (Reino Unido) e Stalin (URSS), puxéronse de acordo en diversos aspectos referentes a Alemaña (devolución de todos os territorios europeos anexionados por Alemaña, separación de Austria, desmantelamento da industria militar, proceso e castigo dos líderes nazis por un tribunal internacional...) e fixouse a liña de fronteira entre Alemaña e Polonia.

AS VÍTIMAS DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL



1. Que países sufriron máis baixas totais? E en referencia ao total de poboación antes da guerra? Por que?
2. Relaciona o número de baixas civís e militares coas distintas circunstancias bélicas e extrae consecuencias.



A Conferencia de Ialta segundo unha caricatura británica, 1945.

3. Quen son os tres personaxes representados? Que labor están a levar a cabo? En que circunstancia?

@ Para saberes máis sobre a conferencia de Ialta:
www.tiching.com/64370

Pero en Potsdam tamén se fixeron evidentes as diferentes concepcións económicas e políticas que separaban ás grandes potencias. Mentres Estados Unidos representaba a economía capitalista e a democracia parlamentaria, a URSS defendía o comunismo e o sistema político de partido único.

Os antigos aliados empezaron a acusarse mutuamente de aproveitar o triunfo bélico para acrecentar a súa hexemonía. Deste xeito, Europa foi dividíndose en **dúas zonas de influencia**: o Leste, que fora liberado do dominio nazi polo exército soviético, e o Oeste, que o fora polo angloamericano. O mundo da posguerra quedou así marcado pola división en bloques antagónicos e pola rivalidade entre as novas potencias emerxentes (a URSS e EUA).

Finalmente, tivo lugar a **Conferencia de París** (1946) para reordenar definitivamente o mapa europeo. A URSS incorporou unha zona oriental de Polonia, os países bálticos, Prusia Oriental e unha pequena parte de Finlandia e de Romanía. Hungría volveu ás súas fronteiras de 1937 e Italia perdeu o Dodecaneso e Istria a prol de Grecia e Iugoslavia respectivamente.



Alguns altos dirixentes da política nazi foron xulgados tras a guerra, no Proceso de Nuremberg, por crimes contra a Humanidade.

@ Para ampliarse na Rede...

Consulta en www.tiching.com/64371 os tratados de Paz de finais da Segunda Guerra Mundial:


- Explica cales foron os principais cambios territoriais que se produciron.
- Razoa as circunstancias que levaron á rivalidade entre EUA e a URSS.

9.3. A CREACIÓN DA ONU

A ONU (Organización das Nacións Unidas) fundouse na **Conferencia de San Francisco** (abril de 1945) para substituír a Sociedade de Nacións. A nova organización integrada por 46 Estados, fixou os seus obxectivos nunha Carta fundacional:

- O mantemento da paz internacional, o rexeitamento da forza e a non inxerencia nos asuntos internos dun Estado.
- A defensa dos dereitos humanos das persoas sen diferenzas de relixión, etnia, idade ou sexo.
- A cooperación entre os distintos pobos impulsada por unha serie de organismos especializados en colaboración internacional.
- O dereito dos pobos a dispor de si mesmos, co cal se puña en interdito a lexitimidade dos imperios coloniais.

Na ONU, todos os Estados membros están representados na **Asemblea Xeral** e para adoptar unha decisión é necesaria unha maioría de dous terzos. Tamén se crebu un Consello de Seguridade no que os cinco membros permanentes (EUA, URSS, Reino Unido, Francia e China) tiñan dereito a vetar as decisións tomadas pola Asemblea.



4. Enumera as principais institucións da ONU.

5. Por que é tan importante o Consello de Seguridade?

SINTETIZA

6. Realiza un esquema no que indiques as consecuencias demográficas, económicas e morais da guerra.

7. Que conferencias de paz puxeron fin á Segunda Guerra Mundial? Que se estableceu en cada unha delas?